



Concello de Lourenzá

ANUNCIO

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA N.º2025-0319 DE DATA 18 DE AGOSTO DE 2025 POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADOREAS DA CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NO VII CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO CONCELLO DE LOURENZÁ - 2025 E A CONCESIÓN DOS PREMIOS CORRESPONDENTES

De acordo co disposto nos artigos 17.3 b e 20.8 da Lei 38/2023 , do 17 de novembro, xeral de subvencións , publícase o extracto da convocatoria , cuxo texto completo pode atoparse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

PRIMEIRO. Requisito dos participantes

Poderán participar no VII Certame de Teatro Afeccionado Concello de Lourenzá únicamente compañías e grupos de teatro afeccionado e que superen un proceso previo de selección, admitíndose calquera tipo de xénero e empregando preferentemente a lingua galega en calquera das súas variantes.

SEGUNDO. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para a participación no VII Certame de Teatro Afeccionado Concello de Lourenzá - 2025 e a concesión dos premios correspondente.

TERCEIRO. Bases Reguladoras

Poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá na seguinte dirección: <https://concellodelourenza.sedelectronica.gal>.

CUARTO. Documentación

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición que aparece na páxina web do concello de Lourenzá..
- Fotocopia do CIF do grupo ou compañía.
- Ficha artística e técnica
- DVD , pendrive ou tarxeta coa gravación dunha representación da obra presentada a concurso

A ficha de inscrición e a documentación citada presentaranse unha vez sexa publicado no BOP de Lugo o extracto das citadas bases (cuio texto completo figura na BDNS) e con data límite o 30 de setembro de 2025.

QUINTO : PREMIOS

- Premio “Conde Santo” á mellor representación: 750 € e trofeo
- Premio “Lourenzo” ao mello actor: trofeo.
- Premio “Ana” á mellor actriz: trofeo.
- Premio ao mellor actor de reparto: trofeo.
- Premio á mellor actriz de reparto: trofeo.
- Premio á mellor posta en escena: trofeo.
- Premio especial do público: trofeo.

O xurado, de acordo coa organización, poderá establecer algún premio máis se o considerara oportuno.

Lourenzá, 19 de agosto de 2025. A Alcaldesa, Rocío López García.

